

O RECTÁNGULO DE MODA FALA GALEGO: O "REI TÁNGULO".

Covadonga Rodríguez-Moldes Rey (Profesora de Matemáticas do IES Mugar dos)

Rubén González Rodríguez (Alumno de 3º ESO do IES Mugar dos)

João Pedro Moreira Dos Santos (Alumno de 3º ESO do IES Mugar dos)

Mercedes Pereira Rodríguez (Alumna de 3º ESO do IES Mugar dos)

Sara Vázquez Rumbo (Alumno de 3º ESO do IES Mugar dos)

Preséntase nesta comunicación o traballo que recibeu unha mención no II Concurso "Incubadora de sondaxes e experimentos" convocado por SGAPEIO (Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións) na categoría de 1º e 2º de ESO.

O traballo consiste na realización dunha investigación estatística no concello de Mugar dos que pon en entredito a tese do alemán Gustav Theodor Frechner (1801-1887), que asegura que o *rectángulo áureo*, definido pola proporción áurea, é o elexido como modelo de beleza, debido ás súas proporcións, por unha ampla maioría da poboación.

Ademáis, propónse como alternativa un novo rectángulo que pode desbancar a hexemonía do rectángulo áureo como modelo de beleza: *o rectángulo galego*.

A comunicación será presentada polo alumnado que a levou a cabo.